

**PROTOCOLO DE COLABORACIÓN ENTRE O PARLAMENTO DE GALICIA E A
FEDERACIÓN AUTISMO GALICIA PARA A PROMOCIÓN DA ACCESIBILIDADE
DAS PERSOAS CON TRASTORNO DO ESPECTRO DO AUTISMO (TEA) NO
ÁMBITO DO PARLAMENTO DE GALICIA**

REUNIDOS

Dunha parte, o Sr. **D. Miguel Ángel Santalices Vieira**, na súa condición de presidente do Parlamento de Galicia, actuando ao abeiro das facultades que lle confire o artigo 31.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia do 1 de setembro de 1983 e modificado o 6 de agosto de 2015.


Doutra, **Dª María José Álvarez Folgar**, na súa condición de presidenta da Federación Autismo Galicia, en exercicio das competencias que lle confire o artigo 13 dos estatutos da entidade.

As partes interveñen no nome e na representación das súas respectivas institucións no exercicio das competencias que lles están legalmente atribuídas, recoñecendo mutua e reciprocamente capacidade para obrigarse mediante este protocolo de colaboración, nos termos que nel se conteñen, e, para o efecto,

EXPOÑEN:

Primeiro. Que ao Parlamento de Galicia, ao abeiro do artigo 4.2 do Estatuto de Autonomía de Galicia, lle corresponde promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os galegos e todas as galegas na vida política, económica, cultural e social.

Segundo. Que o Parlamento, en consonancia coa Lei de accesibilidade do 3 de decembro de 2014, adoptará as medidas necesarias para facilitar ás persoas con discapacidade a igualdade de oportunidades en relación coa accesibilidade universal e co deseño para todos no ámbito da Cámara.



Terceiro. Que o Parlamento recoñece a necesidade de garantir os dereitos das persoas con trastornos do espectro do autismo (TEA) de levar unha vida independente e de desenvolverse na medida das súas posibilidades, con pleno dereito a unha educación accesible e apropiada, así como ao acceso á cultura e ao uso e aproveitamento dos servizos e das actividades postos á disposición do resto da comunidade, tal e como recolle a Carta de dereitos de persoas con autismo, adoptada polo Parlamento Europeo o 9 de maio de 1996.

Cuarto. Que a Cámara, baseándose na Estratexia española en trastornos do espectro do autismo aprobada o 6 de novembro de 2015 como marco de referencia para a definición de accións estatais, autonómicas e locais, subliña a necesidade de impulsar o acceso, a participación cidadá e o gozo das persoas con TEA nas actividades que se desenvolven no ámbito do Parlamento e particularmente nos programas educativos, de modo que sexan inclusivos e de calidade, recoñecendo que todas as medidas que favorezan a inclusión social e a participación cidadá das persoas con TEA propiciarán a sensibilización e a adopción de actitudes positivas da cidadanía cara ao colectivo.

Quinto. A Federación Autismo Galicia engloba as asociacións de pais e nais, de titores/as e de profesionais protectoras de persoas con trastornos do espectro autista e persegue como fins principais:

- Defender a dignidade e os dereitos civís, políticos, económicos, culturais, sociais, laborais etc. das persoas con TEA, en igualdade de oportunidades.
- Promover a integración social e laboral e a normalización das persoas con TEA, mediante o fomento de actitudes sociais positivas cara ao colectivo en Galicia.
- Desenvolver todo tipo de accións encamiñadas a mellorar a calidade de vida das persoas con TEA e a das súas familias.
- Promover a formación e a investigación sobre os trastornos do espectro autista.



Sexto. A Federación Autismo Galicia (en adiante a Federación), para o cumprimento dos seus fins, realizará, entre outras, as seguintes actividades:

- Iniciativas relacionadas coa investigación dos TEA.
- Actividades pedagóxicas e de formación.
- Asesoramento ás persoas con TEA, ás súas familias, aos profesionais, ás entidades sociais da Federación ou a calquera outro/a interesado/a.
- Promoción e realización de actividades lúdicas, de ocio, de tempo libre e de respiro para as persoas con TEA, as súas familias e os/as demais socios/as da Federación.
- Actuacións de difusión, de sensibilización e de información relacionadas cos fins da Federación.

Sétimo. É vontade de ambas as institucións colaborar no desenvolvemento de iniciativas conxuntas que favorezan a eliminación daquelas eivas que impidan a plena integración e participación das persoas con trastornos de espectro autista co obxectivo de acadar que o Parlamento de Galicia sexa un espazo accesible para este colectivo.

Para estes fins, no exercicio das competencias que lles son propias, as partes recoñécense mutuamente plena lexitimación, capacidade e representación para a sinatura do presente PROTOCOLO DE COLABORACIÓN, que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto e fins do protocolo

Este protocolo ten por obxecto establecer os mecanismos de colaboración entre o Parlamento de Galicia e a Federación Autismo Galicia para fixar o marco xeral de actuación para o deseño e a realización de actividades, principalmente en dous eidos:

- Accesibilidade: mediante actuacións dirixidas a favorecer a comunicación e a accesibilidade universal da información, así como da contorna, no ámbito do Parlamento de Galicia, de cara á



participación das persoas con TEA, en igualdade de condicións que o resto da poboación, tendo en consideración as necesidades de accesibilidade cognitiva destas persoas.

- Concienciación e sensibilización: a través de actividades que favorezan o coñecemento e a comprensión social, co fin de promover a sensibilización cidadá, que contribuirá, á súa vez, a transmitir unha imaxe positiva e adecuada das persoas con TEA.

Segunda. Compromisos das partes

O Parlamento de Galicia e a Federación, en coherencia coas súas respectivas funcións e no marco deste protocolo, comprométense e acordan colaborar na consecución dos seus fins mediante accións que se plasmarán a través dos correspondentes convenios de colaboración.

Para tal fin, ambas as partes comprométense a desenvolver actividades de:

- Apoio de cara á accesibilidade das persoas con TEA, no ámbito dos programas e dos actos levados a cabo desde o Departamento de Relacións Cidadás do Parlamento, ben sexan os dirixidos ao fomento do coñecemento da Cámara galega, adaptando as distintas modalidades de visitas guiadas ás necesidades propias das persoas con TEA, ben os programas educativos, en particular a adaptación da Guía didáctica do programa «Coñece as túas institucións», ou ben os actos conmemorativos, institucionais, culturais e sociais do Lexislativo galego.
- Asesoramento para a estandarización e a normalización de sistemas de sinalización e de fomento da accesibilidade cognitiva na sede do Parlamento e especialmente para a implantación de pictogramas específicos para as persoas con TEA.
- Apoio no proceso de edición da información e de materiais en formato de fácil lectura, susceptible de uso por parte de persoas con TEA, no ámbito do Parlamento.



- Cooperación por parte do Parlamento de Galicia nas actuacións impulsadas pola Federación dirixidas a mellorar o coñecemento e o exercicio dos seus dereitos das persoas con TEA e as súas familias.

Terceira. Financiamento

A sinatura deste protocolo non comporta ningunha obriga económica; de ser o caso, determinarase nos correspondentes convenios de colaboración que se deriven deste protocolo.

Cuarta. Difusión da colaboración das partes

O asinamento deste protocolo supón o consentimento expreso de ambas as partes para facer públicos, a través dos distintos soportes de comunicación e difusión que se empreguen, os datos referidos ao seu contido de conformidade coa normativa sobre transparencia e boas prácticas que sexa de aplicación a cada unha delas.

No relativo ás actividades expositivas, divulgativas, de asesoramento ou de apoio e nas actuacións respecto das publicacións que se fagan relacionadas co desenvolvemento deste protocolo, farase constar a colaboración de ambas as partes e utilizarase, se proceder, a identidade corporativa de cada unha das partes.

Quinta. Comisión de seguimento

Coa finalidade de optimizar e de valorar os resultados deste protocolo crearase unha Comisión de coordinación e de seguimento integrada por dous representantes do Parlamento de Galicia, un dos cales a presidirá, e por dous representantes da Federación Autismo Galicia. A dita comisión coordinará o seu desenvolvemento, estará facultada para resolver cantas dúbidas puidesen xurdir na súa execución e poderá estar asistida polos técnicos que xulguen necesarios.

Os acordos adoptados pola Comisión serán inmediatamente executivos.

Terá, ademais, as seguintes funcións:



- 
- A interpretación do protocolo.
 - A proposta de addendas ou de modificacións.
 - A elaboración do informe previo á resolución por incumprimento.
 - A facultade de supervisión da execución e da adopción das decisións e do ditado das instrucións necesarias co fin de salvagardar a correcta realización das accións acordadas.
 - Calquera outra relacionada co bo funcionamento deste protocolo.

Sexta. Prazo de vixencia, modificacións e causas de resolución

O presente protocolo producirá efectos a partir da data da súa sinatura e terá unha vixencia dun ano, prorrogable por períodos sucesivos anuais ata un máximo de catro anos, mediante acordo expreso das partes ao remate de cada período, agás que se resolva por algunha das causas seguintes:

- Mutuo acordo das partes manifestado por escrito.
- Denuncia feita por calquera das partes, con tres meses de antelación.
- Incumprimento grave de calquera das partes dos acordos do protocolo.

Así mesmo, as partes poderán modificar os termos deste protocolo de acordo mutuo.

Sétima. Natureza xurídica e resolución de conflitos

Este protocolo de colaboración ten natureza administrativa. Queda excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Mediante a firma deste protocolo, as partes comprométense a resolver de mutuo acordo no seo da Comisión de seguimento os desacordos que poidan xurdir no seu cumprimento ou interpretación. As cuestións litixiosas que xurdan entre as partes durante o desenvolvemento e a execución do presente protocolo e que non poidan ser resoltas pola Comisión de



seguimento serán de coñecemento e competencia da orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

Oitava. Protección de datos de carácter persoal

En aplicación deste protocolo respectaranse cantas exixencias establece o Regulamento UE 679/2016 xeral de protección de datos, e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, mediante a adopción de cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e a integridade dos datos e a súa protección fronte alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados, para o que resultan de aplicación todos os dereitos e as obrigas derivados desta normativa.


Novena. Transparencia e bo goberno

A sinatura deste protocolo de colaboración leva implícito o consentimento expreso das persoas intervenientes para que o Parlamento de Galicia poida facer públicos os datos de carácter persoal que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e na Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

En proba de conformidade asínase este protocolo de colaboración por triplicado en Santiago de Compostela o 1 de marzo de 2019.



Miguel Ángel Santalices Vieira,
presidente do Parlamento de Galicia



María José Álvarez Polgar,
presidenta da Federación Autismo
Galicia